

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 8 DE XULLO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **DECRETOS**

#### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto de creación do centro integrado de formación profesional de Cantería de Galicia.

#### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño de tres treitos da estrada EP-3101 e un da estrada EP-3103.

#### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025.

### **ACORDOS**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Axencia de Turismo de Galicia e a autoridade portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría para a rehabilitación integral da estación marítima no peirao de pasaxeiros no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, por importe total de oitocentos vinte e dous mil cento cincuenta e seis euros con corenta e seis céntimos (822.156,46€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a prestación do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar da Coruña e Ourense. Importe do orzamento do servizo: un millón oitocentos cincuenta e tres mil cincocentos trinta e nove euros con sesenta e sete céntimos (1.853.539,67€). Valor estimado: catro millóns cincuenta e un mil catrocentos nove euros con trinta e sete céntimos (4.051.409,37€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga ao Convenio de colaboración entre a agora Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o desenvolvemento dun programa experimental de intervención con enfoque transdisciplinar e segundo a metodoloxía de atención integral e centrada na persoa, para persoas con discapacidade. Importe total: trescentos noventa e un mil seiscientos sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (391.666,67€).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se ordena á Sociedade Xestión do Solo de Galicia Xestur, S.A., ofertar as parcelas de solo empresarial para a súa adxudicación de xeito gratuíto durante os oito primeiros anos, en réxime de dereito de superficie.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial do Anteproxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.
- Acordo polo que se toma razón do Acordo entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e Abanca Corporación Bancaria, S.A. para a adquisición dun inmovible no Concello de Vigo coñecido como "Teatro Cine Fraga".

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral e evolutivo dos equipamentos de alta tecnoloxía da marca Varian, instalados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., por un importe total de licitación de dezasete millóns novecentos setenta e tres mil trescentos corenta e seis euros con once céntimos, con IVE (17.973.346,11 €) e un valor estimado de dezasete millóns oitocentos vinte e catro mil oitocentos seis euros, sen IVE (17.824.806,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de suturas mecánicas con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un orzamento base de licitación, IVE incluído de vinte e dous millóns novecentos cincuenta mil cincocentos oitenta e un euros con dezasete céntimos (22.950.581,17 €), e un valor estimado sen IVE de trinta e sete millóns oitocentos trinta e dous mil cincocentos un euros con oitenta e catro céntimos (37.832.501,84 €).
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regulan as condicións e os requisitos para a entrega de medicamentos e produtos sanitarios en supostos especiais.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Tui – Vigo para a reconstrución e consolidación do campanario, fachada e cuberta da Igrexa de Santa María de Reboareda (Redondela), por importe total de trescentos corenta e tres mil catrocentos sesenta e tres euros con cincuenta céntimos (343.463,50 €) e se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos á conta que se prevén no referido convenio.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual derivado do proxecto da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadias formativas en empresas ou entidades vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024/2025, por importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€), así como, a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster da Comunicación de Galicia para a prestación de servizos de márketing e comunicación á comunidade emprendedora asociada á Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego integrados no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o emprego da comunidade autónoma Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGeneration UE.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda de prórroga e modificación do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia Galiza para o desenvolvemento dun proxecto para a mellora do material forestal de reprodución, por importe de cento setenta e tres mil douscentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (173.287,50€).
- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio 2024, por un importe total de cincocentos corenta mil euros (540.000,00€).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a evolución do uso da tarifa Xente Nova.
- Informe sobre a conexión alta velocidade ferroviaria Vigo-Oporto.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a ensinanza plurilingüe e/ou bilingüe nos centros educativos galegos.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre novas convocatorias de axuda á mellora de conectividade, enmarcadas no C15 relativas a bono dixital para colectivos vulnerables, edificios e empresas

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o Programa de apoio para a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas e para a adaptación de espazos nas empresas

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria 2024 das axudas do aconsellamento ás explotacións agrarias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA REFORZA A REDE DE CENTROS INTEGRADOS DE FP COA INCORPORACIÓN DA ESCOLA DE CANTERÍA DE GALICIA, ESPECIALIZADA EN EDIFICACIÓN, CONSTRUCCIÓN E CANTERÍA**

- O Consello deu luz verde ao decreto que suporá un impulso deste oficio fomentando a innovación e a tecnoloxía e atendendo ás demandas do sector
- Refórzase a oferta formativa con catro ciclos, incluído a nova titulación de alta especialización de Pedra natural en cantería
- Con este, son xa 28 os centros integrados de FP, o triplo que en 2009, que son referentes en formación de calidade, emprendemento e empregabilidade

O Goberno galego vén de reforzar a Rede de Centros Integrados de FP coa incorporación á mesma do novo CIFP Escola de Cantería de Galicia, en Poio, como centro especializado no sector da edificación, a construción e a cantería, tal e como se reflicte no decreto de transformación desta escola en CIFP aprobado hoxe no Consello da Xunta.

Con este paso, o Goberno galego reforza a estrutura estratéxica da FP galega, aumentando ata 28 o número de CIFP dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2024/2025, fronte aos nove que había en 2009, o que significa multiplicar por tres o número total.

Na práctica, a transformación desta escola en centro integrado tradúcese nun reforzo da oferta académica con catro novas titulacións para o vindeiro curso, entre as que se atopa a titulación de alta especialización en Pedra Natural en cantería, unha das 13 novas deste tipo que se incorporan a partir de setembro en Galicia, con 22 prazas.

A maiores, neste novo CIFP tamén se poderá cursar o ciclo básico en Reforma e Mantemento de Edificios (18 prazas), e os ciclos de FP dual en Construción (22 prazas) e en Proxectos de Edificación (30 prazas). Suman un total de 92 prazas de nova oferta para o vindeiro curso e o compromiso de seguir incrementando o número ano a ano ata superar as 300.

Plásmase así o reforzo da oferta vinculada á construción e restauración de edificacións en pedra e ao deseño a produción e á restauración de pezas artísticas en pedra. Ademais, tamén se impulsa a formación no ámbito artístico mediante a produción de elementos escultóricos en pedra, incluíndo a súa restauración.

#### **Títulos homologados**

Este impulso enmárcase no compromiso acadado logo de que o Goberno autonómico asumira o ano pasado a titularidade da Escola de Cantería de Poio, -ata aquel momento dependente da Deputación de Pontevedra-, para convertese nun centro público docente dependente da Consellería de Educación.

Un cambio que se traduce en melloras importantes para o alumnado, xa que a partir deste curso, ensinanzas que eran consideradas como formación non formal pasan a ser

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

títulos oficiais, ademais de permitir que os antigos alumnos, que non tiñan un título homologado, poidan acreditar a experiencia profesional.

Por outra parte, a ampliación da rede de centros de FP enmárcase nun dos obxectivos recollidos na Estratexia de FP Galicia 2030, que establece como un dos seus eixes promover o papel dos centros integrados de excelencia como referencia para cada familia profesional e sector produtivo e que estes centros desenvolvan accións de innovación do profesorado coa participación activa do tecido empresarial e de institucións.

Na pasada lexislatura creáronse sete novos centros integrados, aos que se engade agora a Escola de Cantería de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE TOMIÑO DE VARIOS TREITOS DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS INTEGRADAS NO MUNICIPIO**

- Transfírense á Administración local tres treitos antigos da estrada EP-3101 Tebra – Cristelos, e un treito antigo da EP-3103 Cristelos – Burgueira
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Tomiño terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tomiño de tres treitos antigos da estrada provincial EP-3101, e un treito antigo da EP-3103, integradas no municipio.

Trátase, concretamente, do treito antigo de 63 metros da marxe esquerda da EP-3101 Tebra – Cristelos, á altura do punto quilómetro 0; do treito antigos de 83 metros na mesma marxe desta estrada, no quilómetro 3+200; e do treito antigo de 114 metros da marxe esquerda desta mesma vía, situado á altura do quilómetro 3+900.

Neste acordo, inclúese a transferencia do treito antigo de 55 metros da marxe dereita da EP-3103 Cristelos – Burgueira, á altura do punto quilométrico 0+800.

O Concello de Tomiño e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes treitos antigos das estradas provinciais EP-3101, e EP-3103.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Tomiño tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello de Tomiño terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas provinciais EP-3101, e EP-3103, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

Treitos antigos da EP-3101 Tebra – Cristelos:





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Treito da EP-3103 Cristelos – Burgueira:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA APROBA O CALENDARIO LABORAL PARA 2025 EN QUE SE FIXAN COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 25 DE XULLO**

- A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos
- Dos 12 festivos de ámbito nacional, 9 son obrigatorios e só poden ser substituídos cando coincidan en domingo -polo luns seguinte- ou por outro día que lle sexa de interese á Comunidade Autónoma
- No ano 2025 prodúcese esta circunstancia o 12 de outubro (Festa Nacional de España), que cae en domingo, polo que Galicia propón cambialo polo Día das Letras Galegas, o 17 de maio
- Dos tres días festivos de carácter opcional, é dicir, que se poden substituír (Día de Reis, Xoves Santo, e San Xosé ou Día Nacional de Galicia), a Comunidade galega sempre opta polo 25 de xullo

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao calendario laboral de Galicia para 2025, en que se fixan como festivos propios os días das Letras Galegas (17 de maio) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo). O Goberno galego aproba o calendario unha vez que o Consello Galego de Relacións Laborais emitiu o correspondente ditame.

A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (18 de abril en 2025), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2025 hai un festivo nacional de carácter obrigatorio que coincide en domingo: o 12 de outubro (Festa Nacional de España), que Galicia propón substituír polo 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Os outros tres festivos de carácter nacional son opcionais, é dicir, poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que en Galicia nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2025 se celebrará o 17 de abril), que na Comunidade Galega non se modifica de xeito tradicional; e dáselle a opción ás comunidades de escoller como opcional entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. A Xunta sempre elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

Polo tanto, as festas do calendario laboral para Galicia no 2025 que se determinan son: Aninovo (1 de xaneiro), Epifanía do Señor (Día de Reis - 6 de xaneiro), Xoves Santo (17 de abril), Venres Santo (18 de abril), Festa do Traballo (1 de maio), Día das Letras Galegas (17 de maio), Día Nacional de Galicia (25 de xullo), Asunción da Virxe (15 de agosto), Todos os Santos (1 de novembro), Día da Constitución Española (6 de decembro),

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Inmaculada Concepción (8 de decembro) e Natividade do Señor (25 de decembro). Ademais destes días, cada concello determina dúas xornadas festivas como propias da súa localidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSARÁ A REHABILITACIÓN DA ESTACIÓN MARÍTIMA DE VILAGARCÍA PARA CREAR UN CENTRO DE RECEPCIÓN DE PEREGRINOS NÁUTICOS DA RUTA TRASLATIO**

- O Consello da Xunta autoriza un convenio coa Autoridade Portuaria por máis de 800.000 euros
- Inclúense accións como a mellora das infraestruturas ou dixitalización de recursos para optimizar a experiencia do visitante interesado neste tipo de turismo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa Ría para a rehabilitación integral da Estación Marítima no peirao de pasaxeiros de cara a crear un centro de recepción de peregrinos náuticos da Ruta Traslatio. A Xunta de Galicia financiará esta actuación achegando 822.156,46 euro no marco do Plan Xacobeo Next Generation con fondos europeos.

En concreto, esta actuación inclúese no proxecto de revalorización da Ruta Traslatio, que, neste caso, suporá a demolición de dúas edificacións destinadas a escola de piragüismo e locais de oficina, respectivamente, e da rehabilitación integral da estación marítima do peirao de pasaxeiros do Porto de Vilagarcía de Arousa. Inclúese tamén a urbanización das zonas onde actualmente se sitúan as edificacións a demoler e unha zona aberta lindeira á estación marítima.

No marco deste acordo, Turismo de Galicia comprométese a elaborar o proxecto, contratar a súa execución, dirixir as obras e encargarse da súa xestión ata completar a súa finalización. A Xunta de Galicia financiará o custo desta actuación que ascende a 822.156,46 euros, de maneira que en 2024 achegará 305.023,86 euros e en 2025, 517.132,60 euros.

A Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa ría, pola súa banda, porá á disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras descritas na cláusula primeira; facilitar a documentación, informes técnicos, proxectos de obra, ou aquela con que contén para poder definir as obras e, unha vez finalizadas as obras, o seu mantemento e conservación.

A acción enmárcase no Plan Xacobeo Next Generation, que inclúe distintas actuacións, entre as que se atopan o proxecto de integración de valorización da Ruta Traslatio con distintas actuacións en clubs náuticos da ruta fluvial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 1,9 M€ ENTRE ESTE ANO E 2028 NOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR DA CORUÑA E OURENSE**

Estes servizos públicos xestionaranse a través do concerto social, fórmula en que se dá prioridade ás entidades sociais e que xa se está empregando noutros PEF de Galicia

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria mediante a asignación de concerto social da xestión dos puntos de encontro familiar da Coruña e Ourense. O Executivo autonómico investirá 1,9 millóns de euros entre este ano e ata o 2028 nestes servizos públicos que facilitan a preservación da relación entre os menores e as súas familias en situacións conflictivas.

Os PEF están atendidos por profesionais especializados que garanten un réxime de visitas seguras en casos de rupturas conflictivas entre os proxenitores, velan pola protección e benestar dos nenos e adolescentes, fan un seguimento individualizado de cada situación e alertan aos servizos de menores da Xunta no caso de identificar algún posible caso de desprotección.

Nos vindeiros días publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a convocatoria deste concerto e abrirase o prazo para que as entidades interesadas presenten as súas propostas. Nos últimos anos, a actividade nestes dous PEF desenvolveuse a través dun contrato de servizos e, a partir de agora, pasaranse a xestionar por medio do réxime de concertos, fórmula que xa se está empregando noutros puntos de encontro familiar de Galicia e que dá prioridade ás entidades de ámbito social.

Galicia conta na actualidade con oito PEF, situados un en cada cidade máis outro en Ribeira para toda a comarca do Barbanza. A estes sumaranse tres novos puntos nas comarcas do Deza, Monterrei e A Mariña, que xa están en tramitación. O ano pasado os puntos de encontro familiar atenderon a máis de 2.700 persoas, entre menores e familiares.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AMPLÍA ATA FINAIS DE ANO A COLABORACIÓN CON COGAMI PARA DAR CONTINUIDADE A UN PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

- Destínanse un total de 860.000 euros a esta iniciativa que se desenvolve no Centro Galego para o Desenvolvemento Integral (Cegadi)
- Inclúe coidados de fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia e neuropsicoloxía para a recuperación de funcións cognitivas danadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a prórroga dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para dar continuidade ata finais de ano ao programa de coidados que esta entidade desenvolve no Centro Galego para o Desenvolvemento Integral (Cegadi). Para o seu mantemento desde agosto ata decembro achéganse 392.000 euros.

A principios deste ano asinouse un convenio igual a este por 470.000 euros, polo que o investimento anual da Xunta neste programa de Cogami é de 860.000 euros. Este investimento permite realizar un plan individualizado de coidados con técnicas innovadoras na atención á discapacidade, tanto en idades temperás como nas persoas adultas.

No marco deste programa, profesionais dos ámbitos da discapacidade e do social, así como persoal experto en accesibilidade traballan coas persoas con discapacidade e as súas familias. Este programa integral inclúe coidados fisioterapéuticos, terapia ocupacional, servizos de logopedia e de neuropsicoloxía para a recuperación de funcións cognitivas danadas. Tamén se levan a cabo terapias acuáticas e faise uso doutros equipamentos con que conta o centro, como as salas de integración e estimulación sensorial ou as de psicomotricidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AVANZA NA POSTA A DISPOSICIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL DE MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE METROS CADRADOS DE SOLO INDUSTRIAL GRATUITO DURANTE OS OITO PRIMEIROS ANOS**

- Rueda salienta que esta medida entrará en vigor “o vindeiro mes de setembro”
- Destaca que permitirá “atraer novos investimentos, mellorar a competitividade do tecido produtivo e xerar emprego de calidade”
- As empresas poderán instalarse nas parcelas públicas a través do réxime de dereito de superficie que na actualidade implica un canón desde o primeiro ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello autorizou iniciar os trámites para que o tecido empresarial poida acceder “a solo industrial a custo cero durante os primeiros oito anos” nas parcelas de natureza empresarial titularidade do Goberno autonómico a través da Sociedade Xestión do Solo de Galicia Xestur S.A. Unha medida que, asegurou, entrará en vigor “o vindeiro mes de setembro”.

Serán máis de medio millón de metros cadrados de solo industrial que se porán a disposición do empresariado galego dando cumprimento, tal e como resaltou o presidente, ao compromiso do Goberno autonómico para os primeiros cen días de mandato. Unha medida que, segundo destacou o presidente, permitirá “atraer novos investimentos en sectores industriais estratéxicos, mellorar a competitividade do tecido produtivo galego e xerar emprego de calidade”.

Na actualidade Galicia ofrece a aquelas empresas que se queren asentarm na rexión e reúnen os requisitos de proxecto empresarial singular a posibilidade de emprazar construcións ou edificacións en terreo propiedade de Xestur a través do pagamento dun canon durante 30 anos prorrogable por outros 30. É o que se denomina adjudicación de solo empresarial en dereito de superficie e implica o aboamento durante os primeiros anos dunha porcentaxe do prazo completo de venda da parcela: 1,5% para os dous primeiros anos, 2,5% para os seguintes dous anos e para o quinto e sucesivos o 3,5% .

A nova medida validada hoxe polo Consello permitirá a concesión de solo empresarial a custo cero durante os oito primeiros anos para novas actividades económicas no réxime de dereito de superficie, o que vai facilitar a implantación de novas empresas na Comunidade Autónoma. En concreto se porán a dispor 563.144 metros cadrados sen a exigencia de que se trate de proxectos empresariais singulares. Unha cifra que se verá incrementada nos próximos meses a medida que se vaian incorporando novos proxectos de desenvolvemento do solo impulsados desde Xestur. En canto ao custo a partir do noveno ano, manteríanse as condicións actuais de maneira que o canon anual a aboar sería do 3,5% do prezo de venda da parcela.

Deste xeito, o Goberno galego avanza na nova estratexia de política industrial que busca, fundamentalmente, impulsar novos sectores industriais estratéxicos; detectar e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

integrar novas cadeas de valor; promocionar a formación, a atracción de talento e o emprego de calidade e mellorar a competitividade da industria galega a través da innovación, a dixitalización, a sustentabilidade e a internacionalización. Para acadar estes obxectivos, a Xunta conta xa co Plan de impulso e aceleración de proxectos industriais e traballa na elaboración dos Plans directores dos distintos sectores industriais e o Mapa industrial de Galicia.

Ao tempo, a Xunta puxo en marcha a Oficina Económica de Galicia dependente do Igape que está a disposición de calquera empresario co obxectivo de axilizar e adaptar a política industrial ás necesidades do tecido empresarial. Nos dous meses que leva en funcionamento, leva atendidas arredor de 1.000 consultas ao mes e realizadas máis de 150 plans individualizados de atención.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE A XUNTA GARANTE POR LEI O IMPULSO A UNHA INTELIXENCIA ARTIFICIAL CENTRADA NA CIDADANÍA E NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES**

- Anuncia que o Consello abre o prazo de consulta pública do anteproxecto da Lei que se prevé levar ao Parlamento "en setembro"
- Asegura que o obxectivo é "dar seguridade" á cidadanía e as empresas sobre que se vai garantir "un uso ético e seguro" da IA e "atraer investimentos vencellados a este eido"
- O anteproxecto de lei garante a supervisión humana nos procedementos que empreguen esta tecnoloxía
- Galicia será a primeira comunidade en regular por lei esta ferramenta dixital

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello autorizou abrir o prazo de consulta pública do anteproxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial (IA) en Galicia que establece o marco xurídico para facilitar a adopción desta tecnoloxía na Administración xeral da comunidade e no seu sector público de xeito seguro, fiable e centrado na cidadanía. "A previsión é remitir a lei ao Parlamento en setembro", indicou.

Con esta lei, Galicia sitúase á vangarda das rexións europeas para dispoñer dunha IA segura que salvagarde os dereitos das persoas, que mellore a eficacia da Administración na súa relación coa cidadanía e que impulse o desenvolvemento desta tecnoloxía no ecosistema dixital galego e no tecido produtivo da Comunidade. "Galicia vai ser a primeira comunidade en regular por lei o uso da intelixencia artificial", indicou Rueda.

A futura normativa, segundo explicou o presidente, ten dúas finalidades. Por unha banda, "dar seguridade á cidadanía e as empresas" sobre que se vai garantir "un uso seguro e ético" da IA e, por outra, "atraer investimentos vencellados a este eido".

#### **Salvagarda dos dereitos das persoas**

Tal e como explicou o presidente, a futura lei "garante que un ser humano supervise os procedementos en que se empregue a intelixencia artificial" sempre que o requiran. Ademais, os sistemas de IA empregados no sector público autonómico deberán ser auditables, rastrexables e entendidos por todas as persoas e estarán accesibles nun rexistro público, que recollerá toda a información do seu ciclo de vida, desde o deseño ata a desactivación.

O anteproxecto tamén recolle "a creación da figura do comisionado en IA", que será a persoa encargada de velar polos intereses da cidadanía e os valores éticos dos sistemas.

#### **Relación da Administración coa cidadanía**

O emprego da Intelixencia artificial estará orientado a ofrecer unha atención personalizada que teña en conta as circunstancias e necesidades de cada persoa, sen prexuízos. A regulación da IA en Galicia facilitará o achegamento da Administración á

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ciudadanía e a igualdade de oportunidades nas áreas rurais, axudando a rachar coa fenda territorial e achegar as novas tecnoloxías ás galegas e aos galegos vivan onde vivan.

Ademais o anteproxecto recolle o dereito da cidadanía a recibir explicacións sobre decisións ou recomendacións tomadas polos sistemas de IA e a exixir a intervención dun empregado público no proceso. A Xunta probará e asegurará a eficacia e seguridade dos sistemas antes de implantalos na Administración.

Os proxectos de IA serán seguidos pola Oficina de Intelixencia Artificial, de nova creación, que coordinará a elaboración e actualización de guías para o uso de sistemas de IA e asesorará de forma continua sobre as tendencias en IA que permitan definir e desenvolver iniciativas innovadoras en Galicia.

Ademais, a futura lei establece a creación do Consello Galego de Intelixencia Artificial, un foro estratéxico, máximo órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento nesta materia formado por membros da Administración autonómica, as universidades, os colexios profesionais e o sector tecnolóxico.

### **Impulso da IA no ecosistema dixital e no tecido produtivo**

A lei recollerá, tamén, unha serie de medidas para consolidar Galicia como rexión de referencia en Europa en IA. A Comunidade contará cunha serie de apoios económicos específicos para as empresas tecnolóxicas que fomenten o seu desenvolvemento. Ademais, a Xunta creará programas de incubación, aceleración e consolidación de empresas emerxentes de IA. Abre, ademais, o camiño para que a Xunta poña ao dispor das pemes ferramentas de auto-diagnose gratuítas sobre sistemas de intelixencia artificial.

Tamén se fomentará o investimento empresarial en solucións de intelixencia artificial e fondos de apoio á I+D+i neste ámbito. A lei prevé que poidan ser declarados de interese autonómico proxectos de IA adaptados ás necesidades de desenvolvemento rexional. Así mesmo, impulsarase a posta en marcha de factorías rexionais de intelixencia artificial arredor das infraestruturas do Centro de Supercomputación de Galicia.

No ámbito da capacitación, a Administración autonómica impulsará programas de apoio á formación do tecido produtivo, así como formación específica en IA para mellorar o horizonte laboral das persoas desempregadas e o apoio á formación universitaria para favorecer a creación e retención de talento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA O COMPROMISO DA XUNTA DE CONVERTER O TEATRO FRAGA DE VIGO NUN CENTRO CULTURAL PIONEIRO E REFERENTE NO NOROESTE ESPAÑOL**

- O presidente salienta o acordo entre o Goberno autonómico e a Deputación de Pontevedra para adquirir este inmovible por 9,3 M€
- Indica que a Xunta achegará o 51% desta contía e o organismo provincial o 49% restante

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, indicou que o Consello da Xunta foi informado hoxe do compromiso acadado entre o Goberno galego e a Deputación de Pontevedra para adquirir á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. o inmovible do Teatro Cine Fraga de Vigo para destinalo a fins culturais. O obxectivo, segundo salientou, "é rehabilitar este emblemático edificio para convertelo nun centro cultural e experimental pioneiro e de referencia para todo o noroeste de España".

O acordo acadado entre o Goberno galego, a Deputación de Pontevedra e a entidade bancaria implica a adquisición da propiedade do inmovible sito na rúa Uruguay de Vigo. Tal e como lembrou Rueda, a compra supón un investimento de "9,3 millóns de euros", dos que a Xunta achegará "o 51%", e a Deputación, o "49% restante".

Unha vez completada a adquisición, os técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude avaliarán o seu estado e as necesidades de actuación co obxecto elaborar un proxecto que permita completar a restauración e reabrir un espazo de enorme simbolismo para Vigo.

#### **Fito cultural e social de primeira magnitude**

O antigo Teatro Cine Fraga, con máis de 80 anos de historia, leva pechado desde o ano 2001. A súa reapertura para uso público supón recuperar un edificio emblemático cun enorme simbolismo, á vez que dá testemuño do total compromiso e implicación da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra con cidade de Vigo e coa súa historia.

Tal e como explicou o presidente, o proxecto, que se porá en marcha neste emblemático inmovible, permitirá ofrecer un recurso cultural e creativo que tirará o máximo proveito "dun auditorio co 1.600 butacas e con foso para orquestra", que o converte nun espazo máis que axeitado para unha ampla variedade de programacións públicas e privadas, o que permite acoller eventos e espectáculos que exixen unhas dimensións como as que ofrece este inmovible.

Pola súa banda, o espazo da antiga sala de festas vai permitir desenvolver un proxecto cultural que estará baseado na exhibición cultural, na creación artística e na participación do tecido artístico e cultural vigués, tanto no seu deseño como na súa programación. Ademais, a diversidade de espazos anexos suporá que se poderá valorar a instalación en Vigo doutros proxectos culturais de relevancia, para darlle á cidade un sólido e innovador pulo creativo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 18 M€ NO MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DA MARCA VARIAN, DA CAL SE BENEFICIAN ANUALMENTE 9.000 PACIENTES ONCOLÓXICOS**

- O Servizo Galego de Saúde realiza cada ano arredor de 150.000 sesións de radioterapia e braquiterapia con estes aparellos
- A Xunta conta con 17 aceleradores e equipamentos de braquiterapia desta marca que empregan técnicas menos invasivas, menos dolorosas e máis seguras para os pacientes

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por 17.973.346 euros e un período de cinco anos, do servizo de mantemento integral e evolutivo de equipamentos de alta tecnoloxía da marca Varian, instalados nos centros do Servizo Galego de Saúde.

Grazas á incorporación de 17 aceleradores de radioterapia e equipamentos de braquiterapia, preto de 9.000 pacientes oncolóxicos galegos dispoñen cada ano de ferramentas de diagnóstico e de tratamento que empregan técnicas menos invasivas, menos dolorosas e máis seguras. Por iso, a alta tecnoloxía médica é considerada unha das variables clave que inflúen de forma decisiva na calidade do proceso asistencial.

O mantemento deste equipamento é esencial para maximizar a súa vida útil, evitar a súa obsolescencia e garantir a seguridade de pacientes e profesionais.

Nos últimos cinco anos, o Servizo Galego de Saúde realizou con estes aparellos unha media anual de arredor de 150.000 sesións de radioterapia e braquiterapia. Ademais, dous aparellos instalados xa no Novo Montecelo terán un mantemento preventivo ata o momento en que comezan a súa actividade asistencial.

#### **Investimento en equipamento hospitalario**

A Xunta inicia agora o proceso de contratación para o mantemento de 17 aparellos de oncoloxía radioterápica da marca VARIAN, cuxa compra supuxera un investimento de 9.895.380 euros. Deles, seis foron financiados pola Unión Europea, a través do plan INVEAT de investimentos en equipamentos de alta tecnoloxía sanitaria, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

En total, o Goberno galego dedicou máis de 67 millóns de euros á renovación do equipamento hospitalario con 76 novas unidades de diferentes marcas.

A Xunta tomou a decisión de complementar os fondos europeos con outros do seu propio orzamento para adquirir equipamentos de gamas superiores aos financiados, como foi o caso dos contratos de TC (para incorporar os de tecnoloxía espectral) ou das resonancias magnéticas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CENTRALIZA POR PRIMEIRA VEZ O CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE SUTURAS MECÁNICAS PARA O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CUN AFORRO ESTIMADO DE CASE 400.000 EUROS AO ANO**

- O Consello da Xunta autoriza a licitación da subministración durante 3 anos por un importe de 20 M€, que se elevaría ata os 37,8 M€ no caso de ser prorrogado
- As suturas cirúrxicas con dispositivos que empregan grampas ou clips permiten unións seguras e precisas, con menor risco de contaminación e redución dos tempos operatorios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de suturas mecánicas para as sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un valor estimado de 20.267.411 euros durante tres anos.

Trátase da primeira contratación centralizada deste material coa que se garante a equidade na sanidade pública de toda Galicia e, ademais, espérase obter un aforro de 390.773 euros ao ano, o que supón unha redución media do 5 % con respecto aos prezos actuais.

A finalidade da contratación dos produtos necesarios para realizar suturas cirúrxicas mediante o uso de dispositivos que empregan grampas ou clips é cortar ou grampar principalmente órganos internos, vasos sanguíneos e pel.

Grazas a estes dispositivos a unión do tecido é segura e precisa, ademais de proporcionar menor traumatismo, menor risco de contaminación polo contido das vísceras, redución de tempos cirúrxicos e diminución de complicacións postoperatorias.

As suturas mecánicas empréganse en intervencións como cirurxías gastrointestinais, torácicas, xinecolóxicas ou bariátricas, entre outras.

A licitación do contrato autorizada hoxe polo Consello da Xunta divídese en 21 lotes para atender as diferentes características físicas e funcionais de cada sutura e que son necesarias para resolver as distintas cirurxías. Ademais, a división por lotes, cos seus respectivos sublotes, garante unha economía de escala que fomenta a redución dos custos e o acceso aos contratos especialmente de pequenas e medianas empresas fabricantes e distribuidoras.

O contrato prevé a posibilidade de ser prorrogado ata un máximo de cinco anos. Nese caso, o valor estimado ascendería aos 37,8 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO DECRETO QUE REGULARÁ A ENTREGA DE MEDICAMENTOS A DOMICILIO PARA PACIENTES DEPENDENTES OU RESIDENTES EN ZONAS ILLADAS**

- A Consellería de Sanidade abre un período de consultas para regular a entrega de medicamentos con receita na casa por parte das oficinas de farmacia ou dos servizos farmacéuticos hospitalarios en determinados supostos
- O Goberno galego puxo en práctica estes envíos a domicilio de forma excepcional en pandemia, debido á necesidade de protexer a persoas en risco de contaxiarse da Covid

O Consello da Xunta tomou razón do inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regulan as condicións e os requisitos para a entrega de medicamentos e produtos sanitarios en supostos especiais.

O obxectivo da regulación que propón a Consellería de Sanidade é facilitar a asistencia a pacientes que residan en zonas rurais illadas ou que sexan dependentes, cando exista perda de autonomía funcional e necesidade de coidados por padecer enfermidades crónicas.

A Xunta agarda recibir achegas de sectores profesionais e da cidadanía implicada para desenvolver a proposta de entregar nas casas medicamentos suxeitos a prescrición médica baixo os sistemas de control necesarios.

Esta medida foi levada a cabo con éxito, de forma excepcional, durante a pandemia tanto polas farmacias como polos hospitais do Servizo Galego de Saúde para permitir que persoas en risco de contaxiarse da Covid continuasen confinadas. Polo tanto, este desenvolvemento normativo da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia pretende dar resposta ás dificultades de determinados doentes para desprazarse ao hospital ou á farmacia.

A entrega regulada sería realizada por unha das cinco oficinas de farmacia máis próximas ao domicilio da persoa beneficiaria ou, por decisión expresa do paciente, por outra oficina de farmacia da mesma área de referencia do punto de atención continuada correspondente.

Co mesmo carácter excepcional, no caso de fármacos de dispensación unicamente hospitalaria, estipularase a posibilidade de que os servizos de farmacia hospitalaria correspondentes poidan realizar a entrega informada no lugar de residencia das persoas usuarias, unha entrega en que poderán colaborar as oficinas de farmacia da zona.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REPARARÁ OS DANOS CAUSADOS POR UNHA TORMENTA ELÉCTRICA NA IGREXA DE SANTA MARÍA DE REBOREDA

- O Consello da Xunta dá luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Tui-Vigo por máis de 300.000 euros para estas obras
- Actualmente atópanse deterioradas a torre, a cuberta da nave, a bóveda de canón, a instalación eléctrica, a fachada principal e o entorno inmediato da igrexa
- A actuación enmárcase no compromiso do Goberno galego coa protección e posta en valor do patrimonio cultural da Comunidade

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Tui-Vigo co que o Goberno autonómico impulsa a reparación dos danos causados tanto no inmovible como no seu contorno inmediato por unha tormenta eléctrica. A Igrexa de Santa María de Reboreda, localizada no concello pontevedrés de Redondela, contará a través deste acordo cun investimento de máis de 300.000 euros.

Deste xeito, a intervención centrarase na reconstrución e consolidación do campanario, fachada e cuberta co fin de solucionar os problemas causados polo impacto dun raio directamente no ben.

Para iso, os traballos previstos ao abeiro deste convenio inclúen a reconstrución do campanario empregando as pezas que están actualmente acumuladas na zona do atrio. Así mesmo, tamén se traballará nas partes da fachada que están danadas, substituíndo os elementos que non sexa posible aproveitar. A actuación continuará coa consolidación da cuberta e a instalación dun lucernario, un pararraios e un motor para a campá.

#### **Compromiso co patrimonio**

A Diocese de Tui-Vigo é a titular do inmovible e beneficiaria final da axuda, polo que será quen execute os traballos de reconstrución da igrexa. O convenio enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia pola conservación e a protección do patrimonio artístico da Comunidade, así como na colaboración estable que a Consellería mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

A Igrexa de Santa María de Reboreda, localizada en Redondela, é un inmovible protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben catalogado. Datada en 1736, está construída en planta de cruz latina e conta cunha sancristía anexa e un corredor elevado que comunica a igrexa co veciño pazo de Reboreda.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA O PROGRAMA 'XUVENTUDE MENTORING NA EMPRESA' CON 1,5M€ PARA IMPULSAR PRÁCTICAS LABORAIS

- O Goberno galego incrementa o orzamento destinado a esta iniciativa e converte o programa en plurianual para aumentar a duración das estadías
- O Consello aproba o acordo para regular a concesión de subvencións a aqueles entes que xestionarán as estadías de formación da mocidade galega
- Poden solicitar estas axudas, cun importe máximo de 140.000€ por proxecto, entidades privadas sen ánimo de lucro, concellos e organismos dependentes destes
- As bolsas de formación están destinadas a persoas de entre 18 e 30 anos inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e empadroadas na Comunidade
- A iniciativa é unha ferramenta esencial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para impulsar o emprego entre mozos e mozas e no reforzo das súas competencias profesionais

A Xunta de Galicia reforza o programa *Xuventude Mentoring na Empresa 2024-2025* cunha nova inxección de 1,5M€ para converter o programa en bianual e aumentar a duración de estadías formativas para a mocidade en empresas ou entidades públicas e privadas vinculadas con sectores económicos estratéxicos para Galicia. Trátase dun investimento que autorizou hoxe o Consello da Xunta e que vai permitir celebrar a segunda edición desta iniciativa que ten por obxectivo favorecer o emprego xuvenil e reforzar as habilidades e competencias profesionais entre a mocidade.

Así, ao abeiro deste programa, as entidades poderán solicitar axudas de ata 140.000€ por programa para acoller a persoas en formación. Poderán participar na convocatoria aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro con sede permanente na Comunidade e que desenvolvan actividades no eido da mocidade e o emprego, ademais dos concellos galegos, órganos públicos dependentes destes ou mancomunidades de municipios.

Pola súa banda, a estas prácticas remuneradas, polas que se percibirá unha bolsa dun mínimo de 661,50€ mensuais, teñen acceso os mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que estean inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito de Galicia.

O programa é unha das ferramentas principais con que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude traballa por achegar á mocidade os apoios necesarios para a súa transición á vida laboral despois dos seus estudos. Así, a través de *Xuventude Mentoring na Empresa* financiaranse proxectos de entidades que acollan entre 10 e 25 persoas mozas durante 3 ou 4 meses consecutivos e cun mínimo de 100 horas formativas ao mes. Ademais, tamén deben cumprir cos plans complementarios vencellados ao programa e contar cunha persoa titora que monitorice o progreso da estadía xunto co responsable de cada empresa onde se destinen os mozos e mozas.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Un programa mellorado**

Na primeira edición do programa beneficiáronse das axudas preto de 60 empresas que ofertaron un total de 170 prazas para as estadías de formación da mocidade galega, conseguindo unha porcentaxe de inserción laboral do 30 % ao finalizar a experiencia.

Co obxectivo de seguir avanzando, o Goberno galego converte desta volta o programa en plurianual (2024-2025) para dar mais opcións a aumentar a duración das estadías, cun mínimo de tres meses e un máximo de catro. Ademais, increméntase o orzamento, pasando de 1.289.500€ o ano pasado a 1.500.000 nesta convocatoria (500.000€ para concellos e 1.000.000€ para entidades privadas sen ánimo de lucro). Neste senso, tamén aumenta o importe máximo por programa, que sobe dos 120.000€ aos 140.000€. E tamén se produce unha suba no importe da bolsa de formación dos 630€ aos 661,50€.

### **O desenvolvemento da iniciativa**

As axudas desta iniciativa, que se canalizan a través da Xunta, están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Cómpre lembrar que tras a convocatoria e resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coas propostas subvencionadas, correspóndelles ás entidades e concellos beneficiarios a súa posta en marcha. Así, como promotores do *Xuventude Mentoring na Empresa* serán os encargados de seleccionar as persoas participantes e destinalas aos centros de traballo que se considere.

Neste senso, publicarán cadansúa convocatoria aberta á mocidade para levar a cabo esa selección, e ás que tamén se lles dará difusión na web de [Xuventude](#). Ademais, a convocatoria será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e as entidades interesadas poderán presentar os formularios a través da [sede electrónica da Xunta](#) no prazo dun mes.

Na anterior convocatoria, as empresas ou entidades públicas ou privadas que recibiron as persoas en formación estaban vencelladas aos sectores estratéxicos na Comunidade como son a agroalimentación, aeronáutica, biotecnoloxía, automoción, enerxías renovables, naval, téxtil, tecnoloxías da información e a comunicación e calidade de vida e benestar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA O PROGRAMA 'XUVENTUDE MENTORING NA EMPRESA' CON 1,5M€ PARA IMPULSAR PRÁCTICAS LABORAIS

- O Goberno galego incrementa o orzamento destinado a esta iniciativa e converte o programa en plurianual para aumentar a duración das estadias
- O Consello aproba o acordo para regular a concesión de subvencións a aqueles entes que xestionarán as estadias de formación da mocidade galega
- Poden solicitar estas axudas, cun importe máximo de 140.000€ por proxecto, entidades privadas sen ánimo de lucro, concellos e organismos dependentes destes
- As bolsas de formación están destinadas a persoas de entre 18 e 30 anos inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e empadroadas na Comunidade
- A iniciativa é unha ferramenta esencial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para impulsar o emprego entre mozos e mozas e no reforzo das súas competencias profesionais

A Xunta de Galicia reforza o programa *Xuventude Mentoring na Empresa 2024-2025* cunha nova inxección de 1,5M€ para converter o programa en bianual e aumentar a duración de estadias formativas para a mocidade en empresas ou entidades públicas e privadas vinculadas con sectores económicos estratéxicos para Galicia. Trátase dun investimento que autorizou hoxe o Consello da Xunta e que vai permitir celebrar a segunda edición desta iniciativa que ten por obxectivo favorecer o emprego xuvenil e reforzar as habilidades e competencias profesionais entre a mocidade.

Así, ao abeiro deste programa, as entidades poderán solicitar axudas de ata 140.000€ por programa para acoller a persoas en formación. Poderán participar na convocatoria aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro con sede permanente na Comunidade e que desenvolvan actividades no eido da mocidade e o emprego, ademais dos concellos galegos, órganos públicos dependentes destes ou mancomunidades de municipios.

Pola súa banda, a estas prácticas remuneradas, polas que se percibirá unha bolsa dun mínimo de 661,50€ mensuais, teñen acceso os mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que estean inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito de Galicia.

O programa é unha das ferramentas principais con que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude traballa por achegar á mocidade os apoios necesarios para a súa transición á vida laboral despois dos seus estudos. Así, a través de *Xuventude Mentoring na Empresa* financiaranse proxectos de entidades que acollan entre 10 e 25 persoas mozas durante 3 ou 4 meses consecutivos e cun mínimo de 100 horas formativas ao mes. Ademais, tamén deben cumprir cos plans complementarios vencellados ao programa e contar cunha persoa titora que monitorice o progreso da estadia xunto co responsable de cada empresa onde se destinen os mozos e mozas.

#### Un programa mellorado

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na primeira edición do programa beneficiáronse das axudas preto de 60 empresas que ofertaron un total de 170 prazas para as estadías de formación da mocidade galega, conseguindo unha porcentaxe de inserción laboral do 30 % ao finalizar a experiencia.

Co obxectivo de seguir avanzando, o Goberno galego converte desta volta o programa en plurianual (2024-2025) para dar mais opcións a aumentar a duración das estadías, cun mínimo de tres meses e un máximo de catro. Ademais, increméntase o orzamento, pasando de 1.289.500€ o ano pasado a 1.5000.000 nesta convocatoria (500.000€ para concellos e 1.000.000€ para entidades privadas sen ánimo de lucro). Neste senso, tamén aumenta o importe máximo por programa, que sobe dos 120.000€ aos 140.000€. E tamén se produce unha suba no importe da bolsa de formación dos 630€ aos 661,50€.

### **O desenvolvemento da iniciativa**

As axudas desta iniciativa, que se canalizan a través da Xunta, están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Cómpre lembrar que tras a convocatoria e resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coas propostas subvencionadas, correspóndelle ás entidades e concellos beneficiarios a súa posta en marcha. Así, como promotores do *Xuventude Mentoring na Empresa* serán os encargados de seleccionar as persoas participantes e destinalas aos centros de traballo que se considere.

Neste senso, publicarán cadansúa convocatoria aberta á mocidade para levar a cabo esa selección, e ás que tamén se lles dará difusión na web de [Xuventude](#). Ademais, a convocatoria será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e as entidades interesadas poderán presentar os formularios a través da [sede electrónica da Xunta](#) no prazo dun mes.

Na anterior convocatoria, as empresas ou entidades públicas ou privadas que recibiron as persoas en formación estaban vencelladas aos sectores estratéxicos na Comunidade como son a agroalimentación, aeronáutica, biotecnoloxía, automoción, enerxías renovables, naval, téxtil, tecnoloxías da información e a comunicación e calidade de vida e benestar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PROMOVE O ASESORAMENTO EN MÁRKETING E COMUNICACIÓN DENTRO DA REDE DE POLOS PARA SEGUIR IMPULSANDO OS NEGOCIOS EMPRENDEDORES EN GALICIA

- O Consello do Goberno galego deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster da Comunicación de Galicia para poñer en marcha por primeira vez un programa de asesoramento de balde neste ámbito a proxectos emprendedores
- Desta iniciativa poderán beneficiarse un total de 30 iniciativas seleccionadas preferentemente da Rede de polos ás que se apoiará en procesos relacionados coa saída ao mercado, a conexión co seu público obxectivo e a creación de marcas
- Entre os servizos que se ofrecerán á comunidade emprendedora están o deseño de imaxe corporativa, de web e ecommerce, a definición da estratexia e accións de márketing dixital e de comunicación e accións de vídeo márketing
- Por iniciativas coma esta, Galicia recibiu recentemente o premio á 'Rexión Emprendedora Europea 2025', que recoñece a estratexia da Xunta a prol da creación de actividade empresarial que contribúa a xerar riqueza e emprego e a fixar poboación

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster da Comunicación de Galicia para poñer en marcha por primeira vez un programa de asesoramento de balde a proxectos emprendedores en materia de márketing e comunicación. Esta iniciativa, denominada *Alento. Impulso a comunicación para emprender*, enmárcase na Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego e busca impulsar os negocios emprendedores competitivos e que contribúan á xeración de emprego.

A colaboración contará cun orzamento de 120.000 euros, financiados pola Unión Europea a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e está integrado no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego de Galicia que se prevé ter en funcionamento na Coruña neste 2024.

O programa ofrecerá asesoramento a un total de 30 proxectos -seleccionados de xeito preferente entre os atendidos na Rede de polos- para acompañalos nos procesos de xestión de saída ao mercado, conexión co seu público obxectivo e na creación de marcas que acheguen valor aos seus clientes potenciando así a xeración de empresas máis fortes e sustentables.

Este labor de asesoramento será realizado por empresas vencelladas ao Clúster da Comunicación de Galicia e comprende un catálogo de 10 servizos para capacitar a comunidade emprendedora ante os novos retos do mercado, dotándoa dun valor engadido que permita acelerar os seus procesos de mellora e incorporar novos coñecementos ás súas estruturas de xestión.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os servizos son deseño de imaxe corporativa e deseño e desenvolvemento de web e *ecommerce*, definición da estratexia e accións de márketing dixital, desenvolvemento de gráficas publicitarias, investigación de mercados, accións relacionadas coa estratexia de comunicación para pemes, de vídeo márketing e tamén produtos de impresión publicitaria.

A finalidade é que estas tarefas sirvan de apoio á comunidade emprendedora en aspectos como a busca de novas canles de comercialización, novos públicos obxectivos, melloras no valor percibido dos produtos e servizos e promoción en xeral, co fin de conseguir unha oferta diferenciada e rendible.

O prazo para a inscrición de proxectos de emprendemento neste programa abre hoxe e os interesados poderán inscribirse na páxina web <http://programaalento.gal/> habilitada para tal fin. Para a selección dos proxectos valoraranse distintos aspectos como a viabilidade, a transferencia de coñecemento, a xeración de innovación, o impacto económico, entre outros. Tamén se analizarán distintas cuestións relativas ás persoas emprendedoras das iniciativas como a súa formación, experiencia profesional ou coñecementos técnicos do proxecto.

### **Outras accións de aposta polo emprendemento**

Esta colaboración co Clúster de Comunicación de Galicia súmase a outras tamén enmarcadas no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego de Galicia.

Unha delas é o convenio coa Asociación Cultural Sende para poñer en marcha o proxecto piloto de coliving Fixar, co fin de impulsar o emprendemento no rural, atraer traballadores de alta cualificación -nómades dixitais-, fixar poboación e crear riqueza. Outra actuación é a colaboración co Clúster do Ecommerce Galego para poñer en marcha por vez primeira o Programa de formación para o emprendemento no ecommerce Xerme Ecommerce, no marco da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego.

Tamén se enmarca na Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que, en case dous anos de vixencia, leva atendido máis de 2.000 iniciativas empresariais en toda Galicia e ofrece asesoramento personalizado e de principio a fin dos proxectos a todas as persoas emprendedoras que o precisen.

Cabe destacar que o orzamento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para darlle un pulo ao emprendemento incrementouse nun 51,6 % con respecto ao 2023, ata acadar os 30,6 millóns de euros este ano. Todas as accións da Xunta neste eido veñen de facer a Galicia merecedora do premio á *Rexión Emprendedora Europea 2025* pola súa aposta de dinamización e vertebración do territorio a través de nova actividade económica que contribúa a xerar riqueza e emprego e a fixar poboación.

### **O Clúster da Comunicación de Galicia**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Clúster da Comunicación de Galicia é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións incentivar o desenvolvemento do comercio electrónico no ámbito de Galicia. Tamén apoiar e representar os intereses do sector da comunicación en Galicia, mellorar a competitividade das empresas socias, potenciar a visibilidade do sector e colaborar con outras entidades administracións e empresas co fin de promover e divulgar as capacidades do sector.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AMPLÍA A COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PAIDEIA PARA A PRODUCCIÓN DE CARBALLO E BIDUEIRO ATA 2027 CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 350.000€

- O Consello da Xunta aprobou a prórroga do convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia en 2021 para a mellora do material forestal de reprodución, dando continuidade ao proxecto de investigación arredor desta cuestión iniciado en 2018
- A envergadura das actuacións postas en marcha, como os traballos de reprodución in-vitro do bidueiro ou aqueles relativos á avaliación das características tecnolóxicas da madeira, fai necesaria a súa prolongación para acadar resultados significativos no sector
- O Goberno galego suma máis de 173.000 euros ao orzamento xa destinado nun inicio para promover as frondosas caducifolias garantindo a dispoñibilidade de plantas de calidade para o seu emprego nos nosos montes

A Consellería do Medio Rural e a Fundación Paideia manteñen a súa colaboración para mellorar o material forestal de reprodución da nosa comunidade a través da prórroga do convenio subscrito o 15 de xullo de 2021. Desta forma, dáse continuidade a unha serie de ambiciosas actuacións previstas no proxecto como traballos relativos á obtención e reprodución de xenotipos seleccionados, a ampliación das bases xenéticas da colección de individuos inicial, a conservación a longo prazo dos xenotipos estudados, traballos de reprodución in-vitro do bidueiro ou a avaliación das características tecnolóxicas da madeira. O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a esta addenda, que supón un investimento de máis de 170.000€. Sumado ao orzamento inicial, a contribución total ao financiamento por parte da Consellería de Medio Rural é de preto de 346.575€.

Así, conséntase o propósito da Xunta de Galicia de favorecer o sector forestal galego, que demanda planta de calidade para o seu emprego nos montes e garantir a xeración de recursos que poidan ser utilizados pola industria. Entre as especies máis solicitadas atópanse o carballo (*Quercus robur*) e o bidueiro (*Betula pubescens*), frondosas autóctonas de especial interese para a comunidade.

Ademais, o convenio persegue reducir a dependencia externa na comercialización de ditas especies procedentes doutros países da Unión Europea, abordando liñas de traballo co obxectivo fundamental de establecer metodoloxías e procedementos técnicos para a produción en Galicia nas cantidades que se están a demandar, co fin de asegurar un correcto establecemento e viabilidade de futuro nas repoboacións dos nosos montes, coas características xenéticas óptimas que permitan a resiliencia dos nosos bosques e, ao tempo, o abastecemento da cadea monte-industria.

#### **Plan Forestal de Galicia 2021-2040**

Cabe sinalar que a mellora xenética das distintas especies forestais da nosa comunidade é un dos principais obxectivos do Plan forestal de Galicia "Cara á neutralidade carbónica", que persegue un monte multifuncional onde se compatibilicen os usos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

económicos e sociais cos servizos ecosistémicos que achegan os bosques (valores edáficos, hidrícos, ecolóxicos e a conservación dos recursos de fauna e flora), con especial atención a políticas de conservación *in situ* dos recursos xenéticos, complementando con accións de conservación *ex situ*.

Ao abeiro deste plan prevese a posta en marcha dun Programa de conservación de recursos xenéticos que abranguerá, deica o ano 2040, 15.000 hectáreas de superficie e a Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas que busca, en termos xerais, mellorar as formacións de frondosas, que en Galicia supoñen preto de 640.000 hectáreas segundo os resultados presentados este mesmo mes do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **MEDIO RURAL DESTINA 540.000 EUROS AOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DE GALICIA PARA PROMOVER O SEU LABOR**

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a concesión de axudas para 25 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade
- O sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade resulta de especial importancia para a economía e prestixio de Galicia tanto dentro como fóra do territorio autonómico

O Consello da Xunta autorizou hoxe as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores de indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas que cada ano achega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio, o orzamento é superior ao exercicio anterior e ascende aos 540.000 euros, concretamente un 2,5 % máis, que se distribuirán entre 25 entidades segundo criterios de repartición obxectivos.

Nesta liña, tívose en conta a capacidade de autofinanciamento, o peso dos custos de persoal fronte ao total e a dispersión xeográfica. Así, as entidades recibirán entre 5.000 e algo máis de 31.000 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade co obxectivo de facilitar o seu labor ao longo de todo o ano.

Considéranse como subvencionables os custos de persoal e bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores. Desta maneira, financiaranse gastos de alugamento de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros e gastos de desprazamento, manutención e aloxamento.

A través destas axudas, a Xunta promove o labor e contribúe ao funcionamento destas entidades, claves no fomento e promoción da produción e control dos alimentos de calidade. Cómpre destacar a relevancia destas subvencións para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

O sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade é fundamental tanto desde o punto de vista económico como social. Por este motivo, a Xunta salienta e potencia estas producións polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario galego e polo seu potencial dinamizador socioeconómico para o medio rural. Considérase fundamental para a economía galega e, polo tanto, para os cidadáns, manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, polo efecto que ten no conxunto da economía galega, tanto directo como inducido, na medida en que se dá valor á marca Galicia, o que repercute en beneficio de toda a cidadanía.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cara a consecución dos mesmos obxectivos, a Consellería do Medio Rural publicou no *Diario Oficial de Galicia* recentemente a resolución pola cal se dan a coñecer as axudas concedidas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, dotadas cun total de máis de 300.000 euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **OS MENORES DE 21 ANOS REALIZARON ATA ABRIL CASE 2,5M DE VIAXES GRATUÍTAS NOS AUTOBUSES DA XUNTA COA TARXETA XENTE NOVA, COA QUE AFORRARON MÁIS DE 2,1M€**

- O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe un informe sobre o uso da tarxeta TMG Xente Nova nos primeiros catro meses de 2024, da cal se benefician case 170.000 mozos e mozas
- As viaxes realizadas coa tarxeta TMG Xente Nova de xaneiro a abril incrementáronse un 16 % con respecto ao mesmo período de 2023, que marcou un máximo anual ao superar os 6 millóns de viaxes
- As bonificacións aos beneficiarios medraron un 33 % en comparación co primeiro cuadrimestre de 2023
- A Coruña é a comarca con máis tarxetas emitidas e a que rexistrou máis altas novas de xaneiro a abril
- Por concellos, Vigo é onde máis tarxetas hai en circulación e Santiago de Compostela o que máis medrou no inicio do 2024

O Consello da Xunta abordou hoxe os resultados dun informe sobre a evolución do uso da tarxeta TMG Xente Nova nos primeiros catro meses do ano, no cal se recolle que os menores de 21 anos realizaron ata abril case 2,5 millóns de viaxes gratuítas, aforrando máis de 2,1 millóns de euros con esta medida.

O balance avaliado hoxe constata o impacto da gratuidade do transporte público na mobilidade dos máis novos, da cal se benefician case 170.000 mozos. Desde a súa posta en marcha no 2016 nas áreas de transporte metropolitano, e coa súa posterior ampliación no 2021 a toda a comunidade, os menores de 21 anos realizaron máis de 24,3 millóns de viaxes, cun aforro de máis de 24,9 millóns de euros para as familias.

Destaca no informe a evolución das viaxes realizadas coa tarxeta TMG Xente Nova, case 2,5 millóns rexistradas de xaneiro a abril, que son un 16 % máis que nos primeiros catro meses de 2023. Así, as cifras superan as do ano pasado, que finalizou marcando un novo máximo anual, con máis de 6 millóns de viaxes gratuítas para os máis novos.

A área onde máis viaxan os usuarios da tarxeta Xente Nova, tanto no acumulado de 2023 como no primeiro cuadrimestre de 2024, é a comarca da Coruña, seguida da de Santiago de Compostela. Só entre xaneiro e abril rexistráronse nestas dúas comarca unhas 440.000 e 250.000 viaxes aboadas coa tarxeta Xente Nova, respectivamente.

No que respecta ás bonificacións, os máis de 2,1 millóns achegados pola Xunta os primeiros catro meses do ano, que supoñen un investimento mensual medio superior aos 500.000 euros, son un 33 % máis que de xaneiro a abril de 2023.

O ano pasado, a gratuidade do transporte público para os mozos supuxo a achega de máis de 5 millóns de euros, a segunda cifra máis alta desde a posta en marcha da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medida, debido a que a bonificación da tarxeta xente Nova se aplica sobre o desconto temporal do 50 %.

Destaca tamén o incremento do número de beneficiarios, que alcanzan case 170.000, cos datos do final de abril. Nos primeiros catro meses rexistrouse un incremento dun 3 % nas tarxetas emitidas, tras o crecemento dun 21 % en 2023, con máis de 28.000 novas tarxetas.

A Coruña é a comarca con máis beneficiarios da tarxeta Xente Nova, máis de 32.000 mozos e mozas menores de 21 anos, seguida de Vigo, que foi a comarca onde máis se incrementaron os novos usuarios en 2023 e a que máis medra en 2024, ata 25.500 titulares do dispositivo.

Por concellos, nos primeiros meses de 2024, Santiago de Compostela liderou a emisión de tarxetas, con case 500. Vigo é onde máis mozos dispoñen da tarxeta Xente Nova, máis de 15.600, e onde máis se incrementaron en 2023, malia que os usuarios non contan con transbordos bonificados no autobús urbano cando realizan viaxes aos concellos da súa contorna pola negativa do concello a integrarse na área de transporte metropolitano.

No referente ás idades dos novos usuarios, en 2023 os mozos e mozas de entre 15 e 18 anos adquiriron máis da metade das tarxetas Xente Nova, con case 15.000 altas novas, mentres no comezo de 2024 a franxa de idade na que se expediron máis dispositivos foi dos 14 aos 18 anos, consolidando así a tendencia pola que os beneficiarios acceden a esta medida cada vez en idades máis temperás.

A Xunta avanza no desenvolvemento tecnolóxico para que as persoas usuarias poidan levar esta tarxeta directamente no teléfono móbil, o servizo de QR Xente Nova, o que elimina a necesidade do cartón físico, de ter saldo e de recargar no caixeiro. Neste momento, esta funcionalidade atópase nunha fase piloto e pode empregarse en diferentes liñas de Ferrol, Ourense e a área metropolitana da Coruña, e estenderase nas próximas semanas ao transporte metropolitano de Pontevedra, coa previsión de que a finais de ano estea operativa nas 127 concesións da rede de transporte público de titularidade da Xunta.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ADVIRTE DE QUE A CONEXIÓN DE ALTA VELOCIDADE ENTRE GALICIA E PORTUGAL DEMORARÍASE ATA POLO MENOS 2034 DEBIDO AOS TRÁMITES QUE AÍNDA QUEDAN PENDENTES**

- Rueda salienta a necesidade de avanzar “en infraestruturas fundamentais” para garantir a conectividade co país veciño
- O Consello da Xunta informou dos prazos da saída sur de Vigo
- O Executivo autonómico demanda proactividade no cumprimento dos trámites e lembra que a conexión con Portugal debe materializarse tanto con este primeiro tramo da saída sur entre Vigo e O Porriño como cun segundo entre O Porriño e a fronteira portuguesa
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes ve “incompatible” o avance das actuacións e o compromiso do Goberno central de ter finalizada a conexión con Portugal en 2032

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello avaliou hoxe “os prazos pendentes” na execución da conexión de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal e das “infraestruturas fundamentais para esta conectividade” como é a saída sur – treito entre Vigo e O Porriño- e o tramo entre O Porriño e a fronteira portuguesa.

Canto á saída sur de Vigo, trátase dunha infraestrutura que para o Goberno galego é prioritaria tanto para o futuro do porto da cidade a través da conexión ferroviaria da terminal de Bouzas como para a conexión da alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal. Respecto a esta última, o Executivo autonómico pide proactividade ao Goberno central no cumprimento dos trámites e cuestiona que se estea a actuar en tempo.

Nesta liña, Rueda lembrou o “compromiso” adquirido polo Goberno portugués para ter a tempo as obras que corresponden no país veciño.

Pola súa banda, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, indicou que pese a que o Executivo estatal trasládase que “o proxecto vai en tempo”, o documento abordado hoxe detalla que, cos pasos aínda pendentes na súa tramitación, as obras non estarían rematadas, no mellor dos casos ata finais de 2034, ou incluso en 2035, polo que “sería incompatible coa promesa de que a conexión con Portugal sexa unha realidade en 2032”.

Cómpre lembrar que en decembro de 2022 se licitou o estudo informativo coa alternativa definitiva e actualmente está en execución o contrato asinado en xuño do ano pasado. Este contrato -explicou o conselleiro- debería someterse a información pública durante seis meses, polo que non sé prevé que a versión definitiva dese estudo poida estar dispoñible ata finais do primeiro trimestre de 2025.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, unha vez nese punto, aínda quedarían outros trámites que posporían o remate das obras ata polo menos 2034. Requírese ano e medio para a tramitación ambiental, outros tres anos para a contratación e redacción do proxecto e entre cinco e seis anos para a licitación e execución das obras. Así, segundo o cronograma previsto e, sempre que non se produzan máis retrasos, a tramitación ambiental non remataría ata setembro de 2026, polo que a contratación e redacción do proxecto se alongaría ata setembro de 2029, e a última fase no mellor dos casos finalizaría en setembro de 2034 ou ao ano seguinte.

No que se refire ao enlace entre O Porriño e a fronteira portuguesa, o conselleiro de Presidencia lembrou que non se teñen avances dos estudos desde hai anos, se ben este tramo non ten tanta complexidade técnica como a saída sur.

Ademais, lembrou que unha vez executados estes dous tramos o Goberno de España e Portugal “deben negociar a construción e financiación dunha nova ponte internacional”.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O 75 % DOS CENTROS EDUCATIVOS DESENVOLVERÁN O VINDEIRO CURSO ALGÚN PROGRAMA DE PLURILINGÜISMO

Un total de 511 centros que imparten Infantil, primaria, ESO ou bacharelato participarán nestes programas, un 60 % máis ca no curso 2017/18

- Tamén se benefician desta iniciativa as etapas de Formación Profesional e as escolas de ensinanzas artísticas, cuxas convocatorias aínda se atopan en marcha
- Máis auxiliares de conversa, seccións bilingües ou bolsas para acreditar o nivel de idiomas forman parte do paquete de medidas da Xunta nestas aprendizaxes
- O informe de EF, considerado como a referencial na avaliación destas competencias, sitúa o alumnado galego como o segundo con mellor nivel de inglés en España

O 75 % dos centros educativos sostidos con fondos públicos na nosa Comunidade desenvolverán o vindeiro curso académico algún programa de plurilingüismo nas etapas de infantil, primaria, ESO ou bacharelato. Así o recolle o informe analizado hoxe no Consello da Xunta, segundo o que 511 centros beneficiaríanse desta iniciativa desde setembro, un 60 % máis ca no curso 2017/18. Son 11 máis que no curso que acaba de rematar, pero esta cifra aínda medrará, pois nestes momentos están en marcha as convocatorias para os centros de Formación Profesional (pendente de resolución) e de ensinanzas artísticas, en prazo de presentación de solicitudes ata o 17 de xullo.

Por etapas, 250 centros imparten plurilingüismo en Infantil. Isto multiplica por tres os que se sumaron á iniciativa desde a súa creación. En primaria ou ESO, ou en ambas etapas son 460. Outros 15 centros formarán parte do programa en bacharelato. A falta de datos do vindeiro curso para FP, cómpre lembrar que este ano formaron parte del 26 centros, así como dúas escolas de arte e superiores de deseño na Coruña e Lugo.

Esta fórmula -que implica impartir ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira, entre outras medidas e beneficios- comezou no curso 2010/11 en primaria e secundaria. A partir do curso 2017/18, a Consellería de Educación ampliouno a Infantil, Bacharelato e FP. Ademais, no curso 2022/23 completouse a oferta coas ensinanzas artísticas.

#### **Avance na aprendizaxe de idiomas**

Para facilitar este avance na aprendizaxe de idiomas (maioritariamente inglés), a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ten despregados numerosos recursos a través da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, EDUlingüe2030. Un dos máis destacados son os auxiliares de conversa de apoio, que no próximo curso acadarán a cifra récord de 665, o que multiplica por 100 os 67 que había en 2009. Grazas a estas iniciativas, o alumnado galego sitúase hoxe como o segundo con mellor nivel de toda España, segundo o informe de avaliación de EF, referencia nesta materia.

As persoas auxiliares achegan a realidade cultural e lingüística dos seus países de orixe, achegan tamén a compoñente de multiculturalidade aos centros e levan a cabo un importante servizo complementario para o apoio ao ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais dos centros plurilingües, outros moitos optan por contar con seccións bilingües, en que un grupo de alumnos cursa unha área, materia ou módulo de materias non lingüísticas de maneira bilingüe. Trátase dunha iniciativa en marcha desde hai máis de 15 anos, que no seu momento foi pioneira en España, e que no curso que vén de rematar acadou as 5314 seccións. Para o próximo curso, a convocatoria debe aínda resolverse.

### **Acreditación do alumnado**

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras recolle que o alumnado que participa nesta debe finalizar a súa escolarización cunha acreditación dos niveis B1, B2 ou C1 co obxectivo de mellorar o seu acceso a outra formación superior ou ao mercado laboral.

Para facilitar a todo o alumnado de 4º de ESO, bacharelato e FP a certificación do seu nivel en linguas estranxeiras, a Consellería de Educación ofrece unha bolsa de 100€ por estudante para sufragar o custo das probas das destrezas orais e escritas

No curso 2023/24 participaron nestas probas financiadas pola Xunta un total de 5.500 alumnos. O número de prazas ofertadas multiplicouse por 6 desde 2017/18.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACTIVA AS AXUDAS Á CONECTIVIDADE DO PROGRAMA UNICO PARA PERSOAS VULNERABLES, POLÍGONOS E EDIFICIOS

- Os bonos dixitais permiten unha redución mensual de ata 20 euros no custo do servizo e poden solicitarse ata o 30 de setembro
- As pemes e micropemes situadas en polígonos ou áreas loxísticas terán unha subvención de ata o 80 % para acceder a conexións de 1Gbps
- Os edificios que non dispoñan dunha infraestrutura común de telecomunicacións poderán solicitar axudas de ata o 100 % para a adaptación das instalacións
- Galicia sumouse na Conferencia sectorial de maio ás CC.AA. que piden ao Goberno do Estado adaptar as actuacións para acadar un maior número de beneficiarios

A Xunta de Galicia ten xa activadas as liñas de axuda para facilitar a conexión a internet dos colectivos vulnerables e, nos vindeiros días, publicará no *Diario Oficial de Galicia* as destinadas ao reforzo da conectividade en polígonos empresariais e edificios. Son axudas enmarcadas no Programa UNICO, cuxos requisitos están predefinidos polo Goberno do Estado.

Os bonos dixitais pódense solicitar desde o pasado 28 de xuño e ata o 30 de setembro. Están destinados a facilitar a familias ou persoas vulnerables a contratación ou o mantemento das liñas de conexión á banda longa cunha velocidade mínima de 30Mbps. As axudas reducen o custo mensual da factura en ata 20 euros durante un ano cun importe total máximo de 240 euros. É a terceira convocatoria destas axudas e conta cun importe de 1,16 millóns de euros.

Nos vindeiros días publicaranse as segundas convocatorias das liñas de axudas para a mellora da conectividade en polígonos industriais e en edificios. As primeiras están destinadas a dotar de conexións de 1Gbps a empresas (micropemes e pemes) situadas en polígonos industriais, centros loxísticos ou outras áreas de alta concentración empresarial. As empresas poderán subvencionar ata o 80 % do custo do proxecto, cun importe máximo de 60.000 euros por solicitude. O orzamento destinado a esta convocatoria é de 4,5 millóns de euros.

Os edificios construídos antes de 2001, que non dispoñan dunha infraestrutura común de telecomunicacións (ICT), poderán acceder nos vindeiros días a unha nova convocatoria de axudas, que recolle a subvención de ata o 100 % dos investimentos, para adaptar as súas instalacións de telecomunicacións cun máximo de 23.800€, de 21.000€ ou de 16.000€ en función do alcance da instalación. Esta liña de axudas conta cun investimento de 4,1 millón de euros.

#### **Convocatorias 2024**

Con estas novas convocatorias a Xunta busca incrementar o número de beneficiarios das convocatorias de 2022 e 2023. Estas axudas enmárcase no Programa ÚNICO, cuxos requisitos foron definidos de xeito unilateral polo Goberno central, sen ter en conta as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

características e necesidades de cada comunidade. Na última Conferencia sectorial, celebrada o pasado mes de maio, as comunidades trasladaron ao Estado a necesidade de ampliar o prazo e adaptar as actuacións para acadar o maior número de beneficiarios posibles.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA PROMOVER A CONTRATACIÓN DE MULLERES EN SECTORES MASCULINIZADOS E GARANTIR A IGUALDADE NOS CENTROS DE TRABAJO**

- O Consello coñeceu a orde da Consellería de Emprego incluída nos compromisos para os primeiros 100 días de lexislatura do presidente Rueda, e que contribuirá ao incremento da taxa de ocupación feminina en áreas onde predominan os homes
- Grazas á orde que se publicará proximamente por vez primeira e que dá cumprimento ao recollido na Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia aprobada a finais do ano pasado, prevese beneficiar unhas 75 mulleres desempregadas
- Con axudas de 15.000 € por cada contratación indefinida completa e de 7.500 € por contratos a tempo parcial ou fixos-descontinuos, a contía para as empresas aumentará no rural, se a muller contratada ten discapacidade, se é retornada ou maior de 45
- Farase especial incidencia en sectores tecnolóxicos e industriais de alto valor engadido, como o da información e comunicación ou en actividades profesionais científicas e técnicas, buscando contribuír a atraer e reter talento e diminuír a fenda salarial
- Ademais, os centros de traballo poderán solicitar achegas de ata 10.000 € para levar a cabo melloras a prol da igualdade laboral como adaptación de aseos, vestiarios ou espazos para menores

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a innovadora actuación que neste 2024 impulsará a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas, ademais de promover a adaptación dos espazos de traballo co gallo de favorecer a igualdade. Cun orzamento inicial próximo aos 1,7 millóns de euros -que poderá ser ampliable- procedente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, trátase da primeira vez que se pon en marcha esta iniciativa, que dá cumprimento á Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia aprobada a finais do ano pasado.

Coa orde de achegas que se publicará proximamente, e que é un dos compromisos para os primeiros 100 días de lexislatura do presidente Alfonso Rueda, búscase incrementar a presenza de mulleres en sectores tecnolóxicos e industriais de alto valor engadido, como o da información e comunicación ou en actividades profesionais científicas e técnicas. Ao mesmo tempo, tamén ten como fin contribuír a atraer e reter talento e diminuír a fenda salarial entre xéneros incrementando a renda das mulleres e a súa promoción profesional.

Deste xeito, con esta liña prevese beneficiar unhas 75 mulleres desempregadas para seren contratadas en ocupacións como a enxeñaría en construción e obra civil; as enxeñarías relacionadas co deseño, investigación e desenvolvemento, análise e deseño de software; ou en ocupacións técnicas relacionadas coas ciencias físicas, químicas e ambientais. Tamén no ámbito da loxística, transporte de pasaxeiros e mercadorías e nas relacionadas coa mecánica e reparación de equipamentos electrónicos, entre outras.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poderán ser entidades beneficiarias desta nova orde de achegas as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que contraten mulleres por conta allea en ocupacións masculinizadas, para prestaren servizos en centros de traballo radicados en Galicia.

### **Detalles da convocatoria**

A orde conta con dúas liñas de axuda, a primeira para impulsar a contratación por conta allea de mulleres desempregadas en ocupacións masculinizadas ou con infrarrepresentación feminina, mediante contratos de duración indefinida realizados entre o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 20 de outubro de 2024. Así, as contratacións indefinidas iniciais a tempo completo incentivaranse cunha contía base de 15.000 euros. Mentres, aos contratos indefinidos iniciais a tempo parcial (mínimo 50 %) e aos indefinidos fixos-descontinuos (mínimo 6 meses) corresponderalles unha contía base de 7.500 euros.

Estas cantidades base poderán incrementarse nun 15 % nos seguintes casos, acumulables entre si: se o centro de traballo está situado nun concello rural, se a muller contratada ten discapacidade, se é maior de 45 anos, se é retornada ou estranxeira ou se é unha persoa trans. Deste xeito, a contía máxima posible a subvencionar por cada persoa contratada con carácter indefinido é de 26.250 euros.

Canto á segunda liña de axudas, busca promover a adaptación dos espazos ou dos postos de traballo nas empresas, con obras en aseos, vestiarios ou en espazos para menores realizados e pagados a data de 20 de outubro de 2024. Neste caso, o importe máximo da axuda será de 10.000 euros.

En total, polo tanto, e de aplicarse todos os incrementos, a axuda máxima posible para unha empresa beneficiaria sería de 36.250 euros por persoa contratada e adaptación do espazo.

### **Apoio da Xunta**

Este programa forma parte da ampla estratexia do Goberno galego para favorecer e impulsar o emprego de calidade, apoiando empresas e autónomos con incentivos á contratación e favorecendo a adquisición de práctica profesional por parte das persoas desempregadas, que lles axude a mellorar a súa empregabilidade e a súa inserción estable no mercado de traballo.

Esta medida súmase a outras de apoio como o Programa Galicia Emprega, que con 17,5 millóns de euros promove a contratación indefinida das persoas con maiores dificultades de inserción, incluídas as mulleres. Tamén destacan o Programa 1ª Experiencia profesional para fomentar a contratación de menores de 30 anos ou o Programa Investigo para promover a contratación de mozas e mozos en proxectos de investigación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MEDIO RURAL FACILITA UN SISTEMA DE ACONSELLAMENTO PARA MÁIS DE 3.500 EXPLOTACIÓNS PARA AXUDARLLES ANTE A CARGA BUROCRÁTICA

- Así o indica o informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, a través do cal se convocan tres millóns de euros para este concepto
- As materias obxecto de asesoramento están vencelladas con cuestións como os requisitos legais de xestión, as boas prácticas agrícolas e ambientais (BCAM) ou as prácticas beneficiosas para o clima e o ambiente
- Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas entidades privadas recoñecidas ou autorizadas como entidades prestadoras de servizos de asesoramento inscritas no RESAXEGA; como poden ser as agrupacións de gandeiros, as cooperativas ou as organizacións agrarias
- A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 15 de xullo e as persoas interesadas terán un mes de prazo para presentar a súa solicitude
- Xa se convocaran achegas destas características nos anos 2018 e 2022, orzadas cun total de 6,25 millóns de euros que permitiron beneficiar a preto de 7.500 explotacións a través de 78 entidades

A Consellería do Medio Rural convocará neste 2024 tres millóns de euros en axudas a entidades de asesoramento acreditadas para aconsellar a explotacións agrícolas e gandeiras. Prevese que este orzamento permita beneficiar máis de 3.500 explotacións a través dunhas 40 entidades asesoras, segundo indica o informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta. A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 15 de xullo e as persoas interesadas terán un mes de prazo para presentar a súa solicitude..

O obxectivo destas achegas é a creación dun sistema que oriente ás explotacións nun contexto europeo caracterizado pola excesiva carga burocrática e legislativa. As materias obxecto de asesoramento están vencelladas con cuestións como os requisitos legais de xestión, as boas prácticas agrícolas e ambientais (BCAM) ou as prácticas beneficiosas para o clima e o ambiente.

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas entidades privadas recoñecidas ou autorizadas como entidades prestadoras de servizos de asesoramento inscritas no Rexistro de Entidades con Servizo de Aconsellamento e Xestión en Galicia (RESAXEGA), como poden ser as agrupacións de gandeiros, as cooperativas ou as organizacións agrarias. A porcentaxe da subvención será do 100 % dos custos subvencionables e o investimento máximo oscilará entre 800 euros, a excepción de aquelas explotacións que empreguen o caderno dixital ou estean inscritas nas aplicacións *Contaláctea* ou *Contacarne*, que poderán optar ata un máximo de 1.000 euros de axudas.

Cómpre lembrar que o sistema de aconsellamento ás explotacións agrarias está regulado polo Parlamento Europeo e forma parte do Plan estratéxico da política agraria común (Pepac) 2023-2027, que pretende a evolución do sistema de cara a servizos de apoio e innovación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas achegas contribuirán á mellorar a orientación do mercado e aumentar a competitividade das explotacións agrícolas a curto e longo prazo, facendo fincapé na investigación, a tecnoloxía e a dixitalización. Ademais, favorecen á adaptación ao cambio climático e á súa mitigación, a través da redución dos gases de efecto invernadoiro e mellorando a captura de carbono. Promoven tamén a modernización das zonas agrícolas e rurais, fomentando a adopción de prácticas sustentables por parte dos agricultores e gandeiros.

### **Anteriores convocatorias**

Trátase dunha liña de axudas que xa se convocou noutras ocasións. As primeiras axudas ao aconsellamento estiveron enmarcadas no PDR 2007-2013 e os beneficiarios eran directamente as explotacións agrarias. Posteriormente, no PDR 2014-2020 os receptores das axudas pasaron a ser as entidades de aconsellamento. Este novo sistema simplificou a burocracia para as explotacións, de xeito que eran as entidades as que tiñan que xustificar os traballos de asesoramento. No PDR 2014-2020 houbo dúas convocatorias, en 2018 e 2022, ás cales se destinaron 6,25 millóns de euros e que permitiron beneficiar a preto de 7.500 explotacións a través de 78 entidades.